



29

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**  
DELEGACIÓN PROVINCIAL  
Servicio de Montes e Industrias Forestais  
LUGO - Ronda Muralla, 70 - Baixo 2º

CARPETA DEL MONTE:

***“DA LAGOA E COTO DO FARO”.***

COMUNIDAD PROPIETARIA:

***COMUNIDAD DE LOS VECINOS DE  
NOIS.***

TERMINO MUNICIPAL:

***FOZ.***

**Año**

**2003**



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 1/2003.

ID: 3515

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

D. Luis González Vázquez

VOCAIS:

D. Miguel Angel Cela González

D. Emilio Sánchez Coto

D. José Antonio Illán Torrón

D. Manuel Veiga Franco

SECRETARIO:

D. Carlos Fernández Valdivielso

Na cidade de Lugo, o día oito de xuño de dous mil catro, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número 1/2003 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **DA LAGOA e COTO DO FARO**, no concello de **FOZ**, iniciado por acordo do Xurado do 11 de xuño de 2003, sendo vocal instructor **D. JOSÉ ANTONIO ILLÁN TORRÓN**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO:** Aceptado o cargo polo vocal instructor (coa data do 21 de agosto de 2003), iniciouse o expediente número 1/2003 (por instancia de **DON ABILIO CALVO LÓPEZ** e 143 persoas máis), poñendo como encabezamento do expediente a certificación da **ACTA** da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vocal instructor.

**SEGUNDO:** Coa data 1 de setembro de 2003, recabouse do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

**TERCEIRO:** Coa data do 1 de setembro de 2003 (registro de saída número 109.848, do día 2 do mesmo mes e ano), solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **Mondoñedo** os documentos seguintes:

1º) certificación dos asentos que poidan afectar ó terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de



gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos.

2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade

**CUARTO:** Coa data do 11 de setembro de 2003, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de Mondoñedo , na que se fai constar que o monte **DA LAGOA E DO COTO DO FARO** tal e como se describe na solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, non figura inscrito nese rexistro.

**QUINTO:** Coa data do 18 de setembro de 2003, recibíuse certificación do Servizo de Montes e Industrias Forestais na delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que o monte **DA LAGOA E DO COTO DO FARO** non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

**SEXTO:** Coa data do 14 de outubro de 2003 (registro de saída número 132.178 , do día 17 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó Rexistro da Propiedade de **Mondoñedo** a iniciación do expediente e solicitouse a **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

**SÉTIMO:** Coa data 14 de outubro de 2003 (registro de saída números 132.187, do día 17 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó concello do **FOZ** a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia ós que pertence o devandito monte.

**OITAVO:** Coa data do 14 de outubro de 2003 (registro de saída números 132.181 do día 17 do mesmo mes e ano) comunicóuselle a iniciación do expediente a **D. ABILIO CALVO LÓPEZ**, en calidade de representante do resto dos solicitantes.

**NOVENO:** Coa data do 14 de outubro de 2003, comunicóuselle a iniciación do expediente ó **Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais** na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente.

**DÉCIMO:** Coa data do 14 de outubro de 2003 (registro de saída número 131.972, do día 17 do mesmo mes e ano), remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **DOG**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, ca fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

**DÉCIMO PRIMEIRO:** Coa data do 7 de novembro de 2003, recíbese do rexistro da propiedade de Mondoñedo a comunicación de que realizou a anotación preventiva (tomo 755, libro 194, folio 32, finca 25.328 letra A).

**DÉCIMO SEGUNDO:** Coa data 21 de novembro de 2003, aparece publicado o **EDICTO** no **DOG** número 227 , páxina 14.439, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte **DA LAGOA E COTO DO FARO** .

**DÉCIMO TERCEIRO:** Coa data do 25 de novembro de 2003 (registro de entrada



número 193.514), recíbese escrito asinado polo **alcalde do concello de Foz** no que manifesta que os montes de Faro e Lagoa atópanse inscritos como bens de titularidade municipal de carácter comunal no Inventario de Bens Municipais e no rexistro da propiedade de Mondoñedo.

**DÉCIMO CUARTO:** Coa data do 9 de decembro de 2003, recibíuse certificación do concello de **FOZ**, na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto no taboleiro de anuncios dese concello durante o prazo dun mes.

**DÉCIMO QUINTO:** Coa data 22 de decembro de 2003 (rexistro de entrada 209.492), recíbese escrito asinado por **ALEJANDRO FERNÁNDEZ PUMARIÑO**, en nome de 54 persoas máis, no que manifestan, en resumo:

- Que non existe a condición de monte veciñal debido a que está integrado por distintas parcelas de propiedade privada.
- Que para evitar que estes montes foran obxecto de repoboación polo Patrimonio Forestal do Estado, os veciños chegaron a un acordo co Concello, de xeito que simuladamente, iste tería a súa titularidade como terreo comunal, pero continuando os titulares dos predios no seu aproveitamento exclusivo.
- Cada un dos alegantes realiza a continuación unha descripción das parcelas que consideran da súa propiedade, e rematan solicitando se acorde sobresee-lo expediente. Xuntan copia do poder a favor do asinante do escrito, así como copias de diferente documentación.

**DÉCIMO SEXTO:** Coa data 23 de decembro de 2003 (rexistro de entrada 209.880) recíbese escrito asinado por **D. JOSÉ PEDRO CASTRO FERREIRA**, representando ós promotores do expediente de clasificación, no que manifestan, en resumo:

- Que amosan a súa conformidade coas conclusións expostas polo persoal do Servizo de Montes e que figuran no expediente.
- Que non lles consta oposición algunha, ata ese intre, á clasificación, e c feito de figurar inscrito no inventario de Bens Municipais do Concello de Foz, ou no Rexistro da Propiedade, non é obstáculo para acorda-la súa clasificación.
- Fan referencia a varios documentos referentes a distintos negocios xurídicos nos que figurarían como lindeiros de varios predios, montes abertales ou monte do común dos veciños de Nois.
- Rematan solicitando se dicte resolución acordando a clasificación destes montes como veciñais en man común.

**DÉCIMO SÉTIMO:** Coa data do 15 de marzo de 2004 (rexistro de saída número 35.519), comunicóuselle ó alcalde pedáneo ou de barrio da parroquia de **NOIS**, no concello de **FOZ**, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estudie o expediente do monte **DA LAGOA E COTO DO FARO**, con voz pero sen voto.

**DÉCIMO OITAVO:** Coa data do 26 de marzo de 2004, recibíuse comunicación da comunidade de veciños da parroquia de **NOIS**, concello de **FOZ**, na que como vocais representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento, resultaron elixidos os seguintes veciños:

- **DON MANUEL PARDO FERNÁNDEZ**
- **DON JOSÉ PEDRO CASTRO FERREIRA**



**DÉCIMO NOVENO:** Coa data do 30 de marzo de 2004, dáse traslado das actuacións practicadas no expediente ó Servicio de Montes e Industrias Forestais, solicitándolle informe sobre o aproveitamento do monte.

**VIXÉSIMO:** Coa data do 2 de abril de 2004, ten entrada escrito asinado por D. JESÚS MANUEL TEIJEIRA LÓPEZ, no que manifesta, en resume, que amosa a súa conformidade coa clasificación solicitada, non estando conforme co escrito presentado por D. Alejandro Fernández Pumariño con data 22 de decembro de 2003, no que figura o seu nome, e solicita que sexa respetado o aproveitamento das masas forestais existentes como consecuencia dos consorcios establecidos no seu día entre os veciños e o Concello.

**VIXÉSIMO PRIMEIRO:** Coa data do 19 de maio de 2004, emítese nota interior polo Xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais, informando sobre as investigacións practicadas con respecto ó aproveitamento do monte.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- Analizada a documentación obrante no expediente e alegacións presentadas, conclúese, que, o monte **DA LAGOA e COTO DO FARO**, en consonancia co recollido no informe emitido polo Servicio de Montes, presenta aproveitamentos de tipo mancomunado polos veciños da parroquia, estando separado fisicamente, por unha cavada, dos predios particulares cos que limita; as parcelas que os alegantes no expediente aseguran ser de propiedade particular, non se aprecian sobre o terreo, ó que ven unido o feito de que estes montes figuran incluídos como bens de natureza comunal no inventario de bens municipais do Concello de Foz (que non presenta oposición á clasificación), e como tales foron consorciados no seu día cos veciños; no mesmo concepto figuran no actual Catastro de Rústica. Polo tanto, o monte **DA LAGOA e COTO DO FARO**, reviste o carácter de veciñal en man común conforme ó disposto no artigo 1 da devandita Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE:**

**CLASIFICAR** como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: **DA LAGOA e COTO DO FARO**

Pertenza: **veciños de parroquia de Nois**

Parroquia: **NOIS**

Concello: **FOZ**

Superficie: **47,830 has.**

**Estremas:**

- **Da Lagoa 30,140 has:**




Norte: Predios particulares  
Leste: Camiño e predios particulares  
Sur: Camiño e predios particulares  
Oeste: Camiño e predios particulares

- Coto do Faro 17,687 has:

Norte: Camiño e predios particulares  
Leste: Camiño e predios particulares  
Sur: Camiño e predios particulares  
Oeste: Camiño e predios particulares



Handwritten signatures and scribbles, including a large signature above the seal and another signature below it.



**COTO DO FARO**

**DA LAGOA**



**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**  
 DELEGACIÓN PROVINCIAL DE LUGO  
 Servicio de Montes e I.F.

Monte da Lagoa e Coto do Faro

COTO DO FARO. Superficie = 17'687 ha

DA LAGOA. Superficie = 30'140 ha

E = 1: 10.000

Lugo, marzo de 2003  
 El Ingeniero de Montes

Fdo.: R. Ignacio Sánchez Álvarez



**XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.**

*Expediente nº: 1/2011.*

**RESOLUCIÓN**

**PRESIDENTE:**

*D. José Ramón Losada Fernández*

**VOGAIS:**

*D. Miguel A. Cela González*

*D. David Díaz Losada*

*D. José Antonio Rojo Fernández*

**SECRETARIA:**

*Dna. Lucía Belver Quiroga*

Na cidade de Lugo, o día once de xuño de dous mil doce, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN**

Visto no día da data o expediente número 1/2011 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **DA LAGOA E COTO DO FARO (AMPLIACION)**, no concello de **FOZ**, iniciado por acordo do Xurado do 15 de xuño de 2011, sendo vogal instrutor **D. MIGUEL A. CELA GONZÁLEZ**, e resultando os seguintes:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO:** Aceptado o cargo polo vogal instrutor (coa data do 11 de agosto de 2011), iniciouse o expediente número 1/2011 (a instancia de **D. Manuel Núñez Fernández, presidente da xunta rectora de Nois**), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da **ACTA** da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vogal instrutor.

**SEGUNDO:** Coa data do 7 de setembro de 2011, recabouse do Servizo de Montes na Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

**TERCEIRO:** Coa data do 9 de setembro de 2011, recibíuse certificación do Servizo de Montes no Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural, na que se fai constar que o monte **DA**



**LAGOA E COTO DO FARO**, non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

**CUARTO:** Coa data do 15 de setembro de 2011, solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **Mondoñedo**, os documentos seguintes:

1º) certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos.

2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

**QUINTO:** Coa data do 13 de outubro de 2011, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de Mondoñedo, na que se fai constar, de xeito resumido, que:

- Os predios de referencia catastral **39-239, 39-997, 39-998, 40-573, 40-584, 40-923, 40-924 e 40-946, non aparecen incorporados** aos índices do Rexistro.
- Que o predio **39-194**, de titular catastral Patrocinio Pardo Arias, **non** aparece incorporado aos índices do Rexistro, pero si un predio na parroquia de Nois, concello de Foz, na denominación de Faro sen que consten cargas, gravames nin limitacións sobre o mesmo.
- Que o predio **39-240**, catastrado a nome de Marina Paz Vila aparece unha inscrición na parroquia de Nois, concello de Foz, onde chaman **Coto Faro**, monte de 59 áreas e 59 centiáreas, sen que consten cargas, gravames ou limitacións.
- Que coa denominación Lagoa e Coto do faro, aparecen inscritos, monte denominado **Da Lagoa e Coto do Faro**, inscrito a favor dos **veciños da parroquia de Nois. Monte del Faro** (finca 5501), a favor do **Concello de Foz**, sobre a que consta un acordo de consorcio en sesión plenaria do 17 de novembro de 1961, así como acordo de deslinde entre este predio e outro mais en pleno do Concello de 22 de xaneiro de 1999. Monte denominado **Da Lagoa** (predio 5502), inscrito a favor do **Concello de Foz**, sobre o que consta acordo de consorcio en sesión plenaria do 31 de marzo de 1960, así como acordo de deslinde entre este predio e outro mais en pleno do Concello de 22 de xaneiro de 1999, non existindo sobre estes montes mais cargas, gravames ou limitacións que os expresados.

**SEXTO:** Coa data do 7 de novembro de 2011, comunicóuselle ao Servizo Provincial de Montes no Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural, a iniciación do expediente.

**SÉTIMO:** Coa data do 7 de novembro de 2011, comunicóuselle ao concello de **FOZ** a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia aos que pertence o devandito monte.

**OITAVO:** Coa data do 7 de novembro de 2011, comunicóuselle ao Rexistro da Propiedade de Mondoñedo, a iniciación do expediente e solicitouse a **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

**NOVENO:** Coa data do 7 de novembro de 2011, comunicóuselle a iniciación do expediente a **D. MANUEL NUÑEZ FERNANDEZ** como solicitante da clasificación.

**DECIMO:** Coa data do 7 de novembro de 2011, comunicóuselle a iniciación do expediente a **D.**



**PATROCINIO PARDO ARIAS, DNA. MARINA PAZ VILA e CONCELLO DE FOZ** como posibles titulares rexistrados de predios afectados pola clasificación.

**DÉCIMO PRIMEIRO:** Coa data do 7 de novembro de 2011, remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

**DECIMO SEGUNDO:** Coa data do 21 de novembro de 2011, comunicóuselle a iniciación do expediente a **DNA. PAZ DOMITILA RODRIGUEZ PAZ, D. JOSE OTERO AGUIAR, DNA. RAMONA LOPEZ LOPEZ, DNA. M<sup>a</sup> ELVIRA DIAZ FERNANDEZ e D. EMILIO RODRIGUEZ PAZ**, como titulares catastrais de predios afectados pola clasificación.

**DÉCIMO TERCEIRO:** Coa data do 29 de novembro de 2011, tivo entrada escrito de **DNA. MARINA PAZ VILA**, no que manifesta ser propietaria en pleno dominio dun predio denominado COTO DO FARO, na parroquia de NOIS (Foz) de 59 áreas e 59 centiáreas, por escritura pública de apartación de herdanza dos seus pais, inscrita no rexistro da propiedade e que manifesta se corresponde co polígono 39, parcela 240 do Catastro. Remata solicitando se lle recoñeza a súa condición de propietaria en pleno dominio sobre o mesmo e que non se realice acto algún de disposición e posesión. Xunta copia simple de documentación.

**DÉCIMO CUARTO:** Coa data do 29 de novembro de 2011, tivo entrada escrito de **D. EMILIO RODRIGUEZ PAZ**, no que manifesta ser propietario en pleno dominio da metade dun predio denominado COTO DO FARO, na parroquia de NOIS (Foz) de 1 hectárea, 15 áreas e 14 centiáreas, adquirido por escritura pública, e inscrita no rexistro da propiedade e que manifesta se corresponde co polígono 39, parcela 997 do Catastro. Remata solicitando se lle recoñeza a súa condición de propietario en pleno dominio sobre o mesmo e que non se realice acto algún de disposición e posesión. Xunta copia simple de documentación.

**DÉCIMO QUINTO:** Coa data do 29 de novembro de 2011, tivo entrada escrito de **DNA. PAZ DOMITILA RODRIGUEZ PAZ**, no que manifesta ser propietaria en pleno dominio da metade dun predio denominado COTO DO FARO, na parroquia de NOIS (Foz) de 1 hectárea, 15 áreas e 14 centiáreas, adquirido por escritura pública, e inscrita no rexistro da propiedade e que manifesta se corresponde co polígono 39, parcela 998 do Catastro. Remata solicitando se lle recoñeza a súa condición de propietaria en pleno dominio sobre o mesmo e que non se realice acto algún de disposición e posesión. Xunta copia simple de documentación.

**DÉCIMO SEXTO:** Coa data do 29 de novembro de 2011, tivo entrada escrito de **DNA. MARIA ELVIRA DIAZ FERNANDEZ**, no que manifesta ser propietaria en pleno dominio dun predio denominado FARO, na parroquia de NOIS (Foz) de 14 ferrados, adquirido por documento privado, posteriormente elevado a escritura pública, inscrito no rexistro da propiedade e que manifesta se corresponde co polígono 39, parcela 239 do Catastro. Remata solicitando se lle recoñeza a súa condición de propietaria en pleno dominio sobre o mesmo e que non se realice acto algún de disposición e posesión. Xunta copia simple de documentación.

**DÉCIMO SETIMO:** Coa data do 12 de decembro de 2011, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número 235, páxina 36.283, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte **DA LAGOA E COTO DO FARO (AMPLIACION)**.

**DÉCIMO OITAVO:** Coa data do 15 de decembro de 2011, recibíuse nota de cualificación do



Rexistro da Propiedade de Mondoñedo, na que se fai constar que as parcelas tal e como se describen na certificación, non aparecen inscritas nese Rexistro, concretando que as parcelas **40-946 e 40-573**, catastradas a nome do Concello de Foz, non constan inscritas no Rexistro a nome de ningún titular; que as parcelas **40-923, 40-924 e 40-584**, catastradas a nome do Concello de Foz, José Otero Aguiar e Ramona López López, respectivamente, tampouco constan inscritas ao seu nome nin de ningún outro titular; que a parcela **39-194**, catastrada a nome de Patrocinio Pardo Arias, non consta inscrita ao seu nome nin de ningún outro titular; que as parcelas **39-239, 39-997 e 39-998**, catastradas a nome de M<sup>a</sup> Elvira Díaz Fernández, Emilio Rodríguez Paz e Paz Domitila Rodríguez Paz, respectivamente, non constan inscritas ao seu nome nin de ningún outro titular, nin consta que formen parte da finca rexistral 5501 de Foz; que a parcela **39-240**, catastrada a nome de Marina Paz Vila, aparece un predio inscrito con esa referencia, pero a descrición do mesmo non se axusta á que consta no certificado do Xurado, nin consta que forme parte da finca rexistral 5501 do concello de Foz. Remata acordando a suspensión da anotación preventiva solicitada.

**DÉCIMO NOVENO:** Coa data do 21 de decembro de 2011, recibíuse certificación do concello de FOZ, na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto no taboleiro de anuncios dese concello durante un período de 30 días.

**VIXÉSIMO:** Coa data do 12 de xaneiro de 2012, tivo entrada escrito de **D. ANTONIO SIXTO RODRIGUEZ**, no que manifesta actuar en representación dos herdeiros de Francisco López Sixto, onde tras expoñer o que estima conveniente, remata solicitando que non se clasifique como veciñal en man común a parte da parcela 573 que forma parte do monte de Francisco López, así como se resolva a apropiación indebida do resto do monte. Xunta copia simple de documentación.

**VIXÉSIMO PRIMEIRO:** Coa data do 14 de maio de 2012, comunicóuselle ao presidente da xunta rectora, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estude o expediente do monte **DA LAGOA E COTO DE FARO (AMPLIACION)**, (con voz pero sen voto).

**VIXÉSIMO SEGUNDO:** Coa data do 1 de xuño de 2012, recibíuse comunicación da comunidade de veciños de **NOIS**, concello de **FOZ**, na que como vogais representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento, resultaron elixidos os seguintes veciños:

- **DON RICARDO PARDO REGO**
- **DON ABILIO CALVO LOPEZ**

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- Examinada a documentación obrante no presente expediente, e alegacións presentadas, polo que respecta ás **parcelas 39-239, 39-240, 39-997 e 39-998**, en base á información facilitada polo Rexistro da Propiedade de Mondoñedo, que manifesta que ningunha delas forma parte da Finca Rexistral 5501, e figurando, en concreto, a 39-240, inscrita nese Rexistro a nome de Marina Paz Vila, acórdase, aceptando a proposta do instrutor, a súa **non clasificación**. Respecto das alegacións de Antonio Sixto Rodríguez, non acredita nin a súa titularidade sobre a parte da parcela que menciona,



nin a representación pola que di actuar.

As restantes parcelas obxecto da solicitude, teñen aproveitamento comunitario e, polo tanto revisten o carácter de veciñal en man común conforme ao disposto no artigo 1 da devandita Lei.

Atendendo, ao tipo de aproveitamento comunitario que presenta, considérase que o monte **DA LAGOA E COTO DO FARO**, reviste o carácter de veciñal en man común conforme ao disposto no artigo 1 da devandita Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE**:

**CLASIFICAR** como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: **DA LAGOA E COTO DE FARO (AMPLIACION)**  
Pertenza: veciños da parroquia de NOIS.  
Parroquia: NOIS.  
Concello: **FOZ**.  
Superficie: **2 hectáreas, 24 áreas e 14 centiáreas.**

**Estremas:**

**Da Lagoa:**

Parcela nº 1, Polígono 40, parcela 946:

Norte: monte veciñal en man común da Lagoa e Coto do Faro.

Sur: Predio particular do Concello de Foz (polígono 35, parcela 9004) e pista forestal da Lagoa.

Leste: monte veciñal en man común da Lagoa e Coto do Faro.

Oeste: monte veciñal en man común da Lagoa e Coto do Faro.

Parcela nº 2, polígono 40, parcela 573:

Norte: monte veciñal en man común da Lagoa e Coto do Faro e camiño.

Sur: Predio particular do Concello de Foz (polígono 35, parcela 9004) e pista forestal da Lagoa.

Leste: Predio particular de María Díaz Hermida (polígono 40, parcela 572).

Oeste: monte veciñal en man común da Lagoa e Coto do Faro e camiño.

Parcela nº 3, polígono 40, parcelas 923, 924, 584:

Norte: Predio particular de Patrocinio Pardo Arias (polígono 40, parcela 833).

Sur: predio particular de Jesús Regal legaspi (polígono 40, parcela 583).

Leste: Predios particulares de Dolores Regal López (polígono 40, parcela 912) e Jesús Regal Legaspi (polígono 40, parcela 583).

Oeste: monte veciñal en man común da Lagoa e Coto do Faro.

**Coto do Faro:**

Parcela nº 1, polígono 39, parcela 194:

Norte: monte veciñal en man común da Lagoa e Coto do Faro.

Sur: predios particulares de Patrocinio Pardo Arias (polígono 39, parcela 193). Antonio Candia Sierra (polígono 39, parcela 195) e Josefa Lorenzo Orol (polígono 39, parcela 163).

Leste: Predios particulares de Josefa Lorenzo Orol (polígono 39, parcela 163) e Concello de Foz



(polígono 39, parcela 9018).


Oeste: monte veciñal en man común da Lagoa e Coto do Faro e predio particular de Antonio Candia Sierra (polígono 39, parcela 195).



634000

635000

N




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR  
 Xefatura Territorial de Lugo  
 Servicio de Montes



**Proposta de ampliación do MVMC Lagoa e Coto do Faro**

**PROPOSTA DE AMPLIACIÓN**

- MVMC: Lagoa e Coto do Faro
- Pertenza: Nois
- Concello: Foz


Escala: 1:10.000

Nº plano: 2

-  M.V.M.C. Lagoa e Coto do Faro
-  Parcelas propostas para ampliación

Lugo, 05 de junio de 2012

O enxeñeiro de montes




Fernando Rengifo Méndez-Núñez

4830000  
4829000  
4828000

634000

635000



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR  
Xefatura Territorial de Lugo  
Servicio de Montes

**Situación modificada**

**PROPOSTA DE AMPLIACIÓN**

Escala: 1:25.000

Nº plano: 3

- MVMC: Lagoa e Coto do Faro
- Pertenza: Nois
- Concello: Foz

M.V.M.C. Lagoa e Coto do Faro

Lugo, 05 de Junio de 2012  

 Fernando Bengio Méndez-Núñez

4830000

4825000

4820000